

## INFORMACIÓN BÁSICA PARA NOVAS SOLICITUDES

### OBXECTO DAS SUBVENCIÓNS

- Adquisición de equipamento deportivo “inventariable” (o equipamento subvencionable está recollido no anexo II da 1ª convocatoria -DOG 05.01.2022- [https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220105/AnuncioG0595-141221-0004\\_gl.pdf](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220105/AnuncioG0595-141221-0004_gl.pdf)):
  - a) Equipamento específico da modalidade deportiva
  - b) Equipamento non específico
  - c) Material sanitario

### CRÉDITO TOTAL E IMPORTE DA SUBVENCIÓN POR ENTIDADE

- O crédito orzamentario para financiar estas axudas é de 3.914.387 €
- A subvención por entidade será do 80% do gasto orzamentado subvencionable; o 20% restante será achegado pola entidade:
  - O gasto mínimo subvencionable son 1.000 €, dos cales a entidade beneficiaria achegará 200 €.
  - O gasto máximo subvencionable son 10.000 €, dos cales a entidade beneficiaria achegará 2.000 €.

### QUEN PODE SOLICITAR

**Os clubs deportivos galegos, sociedades anónimas deportivas e as federacións deportivas galegas** que:

- Estean inscritos no Rexistro de Entidades Deportivas da Xunta de Galicia na data de publicación da convocatoria
- Teñan actualizados os seus estatutos ás disposicións vixentes en materia deportiva.

**NON poderán obter a condición de beneficiarios destas subvencións as entidades que:**

- Non teñan adaptados os seus estatutos á Lei 3/2012 do 2 de abril, do deporte de Galicia, no momento da solicitude.
- Concorran nalguna das circunstancias sinaladas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

**A entidade debe estar ao día no pagamento de obrigas tributarias coa AEAT, a Seguridade Social e a Atriga.**


### PAZO E FORMA DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

- **Prazo:** do 29.10.2022 ao 28.11.2022.
- **Forma:** as solicitudes presentaranse obrigatoriamente a través da sede electrónica da Xunta de Galicia.
- **Documentación a presentar:**
  - **Cubrir o Anexo III de solicitude** na sede electrónica <https://sede.xunta.gal/portada>
  - Achegar obrigatoriamente:
    - **Anexo IV: Certificación do órgano colexiado competente da entidade deportiva.** Importante: especificar data e órgano colexiado de goberno da entidade que adopta o acordo (exemplo: xunta directiva, asemblea, consello de administración etc.) e sinatura de quen certifica.
    - **Anexo V:** Memoria xustificativa.
    - **Anexo X:** Acreditación da representación, de ser o caso.

### DATA DE ADQUISICIÓN E PAGAMENTO DO EQUIPAMENTO

As entidades que resulten beneficiarias deberán estar en condicións de ter adquirido e pagado o equipamento subvencionado entre o 01.01.2022 e o 26.12.2022.

### SOBRE A INSTRUCIÓN DO PROCEDIMENTO E A RESOLUCIÓN DAS SUBVENCIÓNS



Ao día seguinte desta publicación no DOG, **para axilizar a tramitación do pagamento** das subvencións no exercicio corrente, as entidades beneficiarias presentarán o **anexo VI (solicitude de anticipo)**.

**DEBERÁN PRESENTAR ESTA SOLICITUDE DE ANTICIPO AQUELAS ENTIDADES QUE ESTEAN EN CONDICIÓNS DE CUMPRIR CO REQUISITO DE PRESENTAR A XUSTIFICACIÓN (FACTURAS E PAGAMENTOS) CON DATA LÍMITE O 26.12.2022, INDEPENDENTEMENTE DA PERCEPCIÓN EFECTIVA DO ANTICIPO SOLICITADO.**

**NO CASO DE NON PODER CUMPRIR ESTE REQUISITO, A ENTIDADE DEBERÁ RENUNCIAR Á SUBVENCIÓN**

### CONTACTO

- **ENDEREZO ELECTRÓNICO:** [subdireccion-plans-programas.pr@xunta.gal](mailto:subdireccion-plans-programas.pr@xunta.gal)
- **INFORMACIÓN NOS TELÉFONOS:** 881-99 63 62 / 61 / 69 / 37 / 64 / 34